



CONCELLO
DE VIGO



Universidade de Vigo



V Ciclo de Montaña, Medio Ambiente e Cambio Climático *Cidade de Vigo*

2026
24 25 26 marzo
20:00 h
AUDITORIO DO CONCELLO DE VIGO
Praza do Rei, 1



CONCELLO
DE VIGO



Universidade de Vigo



ESCALADAS INVERNAIS

Invitado: **Alex Txikon**
Escalador e alpinista

Presenta: Sechu López
Alpinista

MARTES 24

Namorado das montañas e da natureza, este montañeiro vasco coroou o seu primeiro oitomil con tan só 21 anos: o Broad Peak, no Karakorum paquistaní. Dende entón participou en máis de trinta expedicións e acadou once dos catorce cumios de máis de oito mil metros que existen no planeta. Na última década liderou importantes expedicións invernales por algunha das cales obtivo recoñecementos internacionais, como a primeira ascensión invernal ao Nanga Parbat (8.126 m), en 2016, ou ao Manaslu (8.163 m), en 2021, ambas as dúas ocasións sen axuda de osíxeno artificial.

Recoñecido tamén pola súa participación no equipo de *Al filo de lo imposible*, Alex estará con nós para compartir a súa experiencia e a ilusión dunha vida dedicada aos grandes cumios.



EL HOMBRE Y LA TIERRA

Invitada: **Odile Rodríguez de la Fuente**
Bióloga e divulgadora científica

Presenta: Irene Bascoy
Subdirectora de Faro de Vigo

MÉRCORES 25

Licenciada en Ciencias Biolóxicas e Produción de Cine, Odile traballou durante cinco anos na sede de *National Geographic* nos Estados Unidos. En 2004, fundou con grande esforzo a Fundación Félix Rodríguez de la Fuente, que dirixiu durante máis de quince anos. Na actualidade colabora con distintos medios de comunicación e forma parte, dende hai nove anos, do padroado de *Rewilding Europe*, así como de WWF España. Actualmente é presidenta de *Rewilding Spain*. Recibiu numerosos premios e recoñecementos internacionais pola súa dedicación á conservación e á divulgación da natureza, froito das súas múltiples publicacións e das máis de trinta conferencias anuais que imparte en distintos lugares do mundo. Non perdades esta oportunidade en Vigo.



HOPE!, COMO TRANSFORMAR AS ORGANIZACIÓNS

Invitado: **Mariano Baratech**
Director de El Gatoverde Producciones e produtor de Hope!

Presenta: Cristina Fernández
Vogal de Medio Ambiente

XOVES 26

Enxeñeiro, sociólogo e activista medioambiental, Mariano Baratech fundou en 2015 a produtora *El Gatoverde*, cuxos proxectos audiovisuais foron recoñecidos en diversos festivais de cine acadando galardóns como o Goya á mellor película de animación (2022) ou o premio do Festival de San Sebastián (2024). Na serie *HOPE! Estamos a tempo*, propón solucións para reverter a crise climática. Grazas ao seu potente carácter divulgativo, a serie foi proxectada no Parlamento Europeo o pasado 3 de decembro e está a empregarse como ferramenta de rexeneración ambiental en países de todo o mundo. En Vigo proxectarase un dos capítulos de *HOPE!*, e Mariano falaranos do seu proceso de creación e desenvolvemento.